



BASES DO SORTEO DO PREMIO “DÁLLE UN BOCADO AO FIOT” 2018

- **OBXECTO DO SORTEO:**

O Concello de Carballo organiza o sorteo dunha noite de teatro para dúas persoas para a vindeira edición do FIOT. O obxecto do premio é fomentar o consumo nos locais de hostalería participantes aproveitando o fluxo de persoas xerado polo festival de teatro FIOT, xerando dinámicas económicas e sociais positivas.

- **PREMIO:**

O premio consistirá en 2 entradas para a edición de 2019 do FIOT, con cea, aloxamento e almuerzo para dúas persoas.

- **PARTICIPACIÓN:**

Os establecementos participantes entregarán un boleto de participación aos clientes por cada consumición dun bocado, tanto almuerzo coma tapa.

O sorteo realizarase de forma pública coincidindo coa celebración dunha actuación da Rúa dos Contos do FIOT 2019, nos días previos á celebración das actuacións en sala, adaptando a data, horario e lugar ao programa do festival.

O resultado do sorteo comunicarse por teléfono ao premiado/a e publicarse nas redes sociais e na páxina web do Concello de Carballo.

Os datos de carácter persoal recollidos só serán utilizados para a participación neste sorteo.

A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.

